

Categoría: 1º 2º ESO

1º Premio

Aitana De Arriba Pantaleón - 2º B

¡Shhhh ...!

Apenas había tomado asiento cando o Sr. Perkins comezou a revoar ao meu arredor coma un paxaro de mal agoiro comprobando disimuladamente que cumpría as normas da biblioteca. Dispúxeme a sacar o lapis e a goma do meu atestado estoxo taia XL, cando o ruído do lapis de cores, rotuladores, texoiras e pegamento fíxo que se volviera cara a miña mesa coma se un can de caza fora cheirando a súa presa. O Sr. Perkins tan alto e delgado coma unha palmeira solitaria en metade do deserto coidaba escrupulosamente de que as normas da biblioteca fosen respetadas estrictamente, tan estrictamente coma coidaba de que a súa paxarita fose estrictamente perpendicular á súa noz. E foi así como me regalou o seu primeiro: "Shhh..." da xornada, os cales se sucedían un tras outro ao máis leve susurro, ruído ou carraspeiro que subira por riba do número de decibels que o seu fino oído puidera tolerar.

A escuridade fixo que comezamos a acender as luces das mesas de tulipas verdes que daban á gran sala da biblioteca un aire de soledade e tristeza, cando un novo siseo do Sr. Perkins fixo que levantara a cara dos meus apuntes:

- ¡Shhhh ...! Señorita vaia recollendo os seus libros e utensilios de estudo. Hoxe a biblioteca pechará antes as súas portas por cuestións persoais.

Eu fixen un xesto seguido dun ruidito que deixaba ver claramente a miña molestia cando o Sr. Perkins volveu a sisear ¡Shhhh...!

"Shhh, Shhh, Shhh" mofei do antipático home o cal sen facerme caso enfilou cara a porta da biblioteca xa co meu sombreiro e o abrigo na man.

A señorita Smith apremioume a que abandoara a biblioteca mentres ía apagando as luces das mesas vacías.

Cando saín da biblioteca puíden ver ao lonxe un tumulto de xente que rodeaba a algo ou alguén en metade da calzada e outras persoas corrían cara alí para ver o que pasou. Eu funme camiñando cara a miña casa.

Á tarde seguinte cando cheguei a biblioteca o siseo incansable do Sr. Perkins sobresaltábame cada vez que pasaba unha páxina, sacaba un pano de papel ou cando se me caeu o caderno: "Shhh, Shhh, Shhh", retumbaba pola sala. Cansa xa dirixinme cara a mesa do bibliotecario decidida a poñer fin a esta situación ou ao fin decidiríame a cambiar de biblioteca. Á mesa estaba sentada a Señorita Smith cos ollos vermellos como de ter estado chorando. Pregunteille polo Sr. Perkins cando ela dixo despois dun longo suspiro:

- O Sr. Perkins non veu hoxe a traballar.
- Iso non é posible -díxenlle-, leva toda a tarde siseando ao meu arredor dun xeito xa insoportable.
- Iso non pode ser, Señorita.
- Como que non? Preguntéi.
- O Sr. Perkins foi atropelado ante ao saír da biblioteca. O Sr. Perkins faleceu onte.
- Shhhh ...
- FIN -

Categoría: 1º 2º ESO

Premio Accéssit

Adrián Pérez Domínguez - 1º C

Desperteime no húmido chan, algo aturdido e con dor de cabeza. Levanteime e dinme de conta de que non se vía nada e que se ouvían uns "escalofriantes pasos". Busquei apresuradamente luz e atopei claridade a uns 10 metros. Corríñ hacia aquela luz coma nunca o fixen. Grave erro! Pois atopeime cun señor cunha escopeta e cun candil que apuntaba a todo o que se movía. Por sorte, non estaba no seu "campo de visión" e fuxín.

Despóis de camiñar moito tempo, atopei o meu fogar coas luces apagadas e entrei nel.

Ao día seguinte enterámonos, grazas a nosa veciña, que se adica a ollar pola ventá, que xogando ao escondite quedéi incosciente, e que o home da escopeta era un cazador.

Todo encaixa. Excepto os "escalofriantes pasos" que non sei de quen eran, nen quero sabelo, a verdade.

Categoría: 3º 4º ESO

1º Premio

Xabier Guede Gómez 4º A

Adrián Pérez Domínguez - 1º ESO C

ESCURIDADE

Todo estaba escuro. Unha enorme masa negra estaba sobre min ocupándoo todo. Todo. Sen luz. Non sabía onde estaba. Como chegara ata alí? Qué pasara? Non o sabía. Un enorme sentimento de terror invadíume e a ansiedade polo descoñecido afogábame. O meu corazón desbocábase e semellaba que ía estalar ante a inseguridade e, de súpeto, todo parou. Sentín unha mirada observadora, malvada, misteriosa, detrás de min, e entón a necesidade de escapar fíxose aínda maior a unha velocidade de vértigo. Alonguéi a man e conseguín ver un atisbo de luz, pouco a pouco. Estaba saíndo, sí. Alonguéi o outro brazo tamén. Sentín que as miñas mans escaparan, estaban libres, mais eu non, a escuridade absoluta rodeábame misteriosamente. Tiña que marchar, a inquietude de aquela mirada fulminábame. De súpeto vin unha luz enriba de min, sobre a miña cabeza. Dirixinme a ela. Estaba saíndo, sí ... Entón, coa miña sudadeira negra coma a noite xa posta, calceime e saín á rúa. Quedara ás seis. Xa chegaba tarde.